



Informa-t

DECEPCIONANTE MESA TRIPARTITA DO ENSINO CONCERTADO

A última reunión da Mesa Tripartita evidenciou de novo a falta de vontade negociadora da Administración. A Dirección Xeral de Centros escúdase na “estabilización da Xubilación Parcial” para bloquear avances en cuestións que sindicatos e patronal presentamos conxuntamente e que son imprescindibles para mellorar as condicións laborais no ensino concertado.

Un bloqueo sistemático ás demandas compartidas

A Administración non deu ningún paso adiante en ningunha das propostas formuladas pola parte social:

- **Sen *addenda* ao acordo de Xubilación Parcial (XP)** para **incluir** ao persoal que comparte horario en pago delegado coa parte privada, como **docentes de Bacharelato ou quen realiza tarefas administrativas**. A pesares de que a Seguridade Social permite a súa inclusión, os mencionados traballadores quedan excluídos, xerando unha situación profundamente inxusta e un malestar crecente nos claustros.
- **Sen avance no acordo dos 45 €, derivado do pacto de 2008** que establecía melloras retributivas e redución da carga lectiva. A Administración non estudou nin valorou a súa recuperación, malia que a *disposición adicional duodécima da Lei de Orzamentos 2025* mantén a súa vixencia como medida pendente.

- **Sen proposta sobre redución de xornada**, limitándose a esperar o que decida o Goberno central, sabendo que calquera medida estatal afectaría só ao persoal funcionario. Un novo balón fóra.
- **Sen complemento autonómico para o PAS, malia ser unha medida perfectamente negociable** no ámbito autonómico e necesaria para dignificar salarios e recoñecer o labor deste colectivo.

Un compromiso inexistente

A Administración comprometeuse a estudar a viabilidade dalgunhas destas medidas. A realidade é clara: non estudaron nada, nin sequera o mencionan. A Mesa Tripartita, unha vez máis, convertiuse nun espazo meramente informativo, sen negociación real e sen avances para o persoal do ensino concertado.

Resumo da reunión

- **NADA** sobre a *addenda* da XP.
- **NADA** sobre o acordo dos 45 €.
- **NADA** sobre redución de xornada.
- **NADA** sobre o complemento autonómico do PAS.

A Mesa Tripartita volve demostrar a súa incapacidade para avanzar en melloras reais. Desde UGT Ensino **reiteramos a necesidade dun espazo de negociación efectivo, con compromisos claros e vontade política** para atender as demandas compartidas por sindicatos e patronal. Seguiremos exixindo avances e informando ao persoal de todos os centros.

